

Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

# ADMINISTRACIÓN LOCAL

## MUNICIPAL

### COVELO

#### Subvencións e axudas

##### *BASES SUBVENCIÓN MATERIAL CURRICULAR*

##### *ANUNCIO*

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 13/09/2024 , foron aprobadas as Bases e Convocatoria reguladoras de concesión da seguinte subvención:

*BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA DESTINADAS Á ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL POLO ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDA ETAPA, DE 3 A 5 ANOS) DO CONCELLO DE COVELO, CURSO ESCOLAR 2024/2025.*

##### *EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

A Constitución española de 1978 consagra, no seu artigo 39, o deber dos poderes públicos de asegurar a protección social, económica e xurídica da familia e ademais configura a educación como un dereito fundamental básico de toda a cidadanía, de conformidade co establecido no seu artigo 27.1 que literalmente dispón: “Todos teñen o dereito á educación”, especificando no seu apartado 5 que “Os poderes públicos garanten o dereito de todos á educación (...)”. Así mesmo, o artigo 27 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, prevé a delegación da competencia para a Prestación dos servizos sociais, promoción da igualdade de oportunidades. Pola súa parte, o Estatuto de Autonomía de Galicia lexitima a actuación lexislativa da Comunidade Autónoma no eido da protección da familia, infancia e adolescencia, nos títulos competenciais xenéricos de asistencia social e de promoción do desenvolvemento comunitario, artigo 27. Xa máis especificamente no eido da normativa sectorial, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos sociais de Galicia, atribúelle ás Corporacións locais a creación e xestión dos servizos comunitarios básicos, configurándose como servizos de carácter integrador e principal instancia do sistema galego de servizos sociais para o desenvolvemento de intervencións de carácter preventivo, de atención integral a persoas, familias e de incorporación socio-laboral e habilita expresamente ós concellos para conceder axudas económicas destinadas a apoiar o coidado das menores, paliar situacións transitorias de necesidade, garantir un mínimo de subsistencia e reforzar procesos de integración familiar e inclusión social. Por último, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, garante a protección total da familia; en especial, a das familias valoradas de especial consideración, ás que se lles asegura un trato preferente nos ámbitos educativos, da vivenda, cultura, novas tecnoloxías, etc.. O artigo 8 desta lei atribúe tamén competencias ós municipios para a execución de programas



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

e proxectos destinados á atención das familias. No exercicio da competencia propia da atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social, prevista no artigo 25.2.e) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, no Orzamento Municipal 2024 prevese crédito para a concesión de axudas municipais a adquisición de material escolar para educación infantil, e co obxectivo de paliar as dificultades económicas que poidan atravesar as familias con menos recursos, de xeito que estas situacións non mingüen o dereito ao acceso á educación en condicións de igualdade das menores; implantando a través destas bases un sistema de axudas en función da renda co obxecto de que se beneficien as familias con menos recursos e intervindo na atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social. Estas axudas están destinadas ao alumnado matriculado no centro docente público empadroado no termo municipal de Covelo e pertencentes a unidades familiares cuns recursos económicos determinados. Por todo isto, convócase a concesión de axudas municipais de material escolar, no marco xurídico definido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, as Bases de execución do orzamento municipal, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo e a demais normativa de aplicación.

### BASES

#### 1. OBXECTO

É obxecto destas bases establecer un réxime compensatorio de carácter social destinado a familias do concello de Covelo, co obxecto de paliar os gastos que supón a escolarización das crianzas da familia. Subvenciónase a través deste procedemento a adquisición de libros e material necesario na Educación Infantil (segunda etapa) para o alumnado matriculado nun centro docente público, empadroado e con enderezo en Covelo para o curso 2024/2025.

#### 2. REQUISITOS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Poderán solicitar esta subvención, as persoas físicas pai, nai, titor ou titora dun ou varias nenas ou nenos, que cumpran os seguintes requisitos:

a) Ser pai/nai/titor ou titora legal do alumnado matriculado en educación infantil (segunda etapa), nun centro público de Covelo durante o curso escolar 2024/2025.

b) Estar empadroada no concello de Covelo a unidade familiar durante a totalidade do curso lectivo. O empadroamento suporá a residencia efectiva, polo que as persoas beneficiarias, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

c) Convivir ca alumna ou alumno para os que se solicita a axuda.

d) Ter unha renda per cápita familiar igual ou inferior a 14.400 €.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

RENDA PER CÁPITA FAMILIAR: calcúlase dividindo a renda da unidade familiar entre o número de persoas computables. Son persoas computables:

- As nais, pais, titoras ou titores legais, fillas e fillos menores de idade, fillas e fillos maiores de idade con discapacidade e fillas ou fillos solteiras/os menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- No caso de divorcio ou separación legal da nai e o pai non se considerará membro computable aquel que non conviva coa alumna/o, agás nos casos de custodia compartida. Será membro computable, en caso de que o haxa, a nova ou o novo cónxuxe ou parella.
- Computarán por dous as persoas da unidade familiar (pai, nai, alumna/o e irmáns) cunha discapacidade igual ou superior ao 33%, ou que acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos total, absoluta ou grande invalidez.

CÁLCULO DA RENDA FAMILIAR: Resulta da suma da base imponible xeral e a base imponible de aforro.

- En caso de non presentar declaración teranse en conta os ingresos netos de todas as persoas computables da unidade familiar.
  - Terase en conta a situación familiar e persoal a 31 de decembro de 2023 e a renda do 2023.
- e) Estar ao corrente por todos os conceptos nas obrigas tributarias co Concello de Covelo.
- f) Atoparse ao corrente no cumprimento das demais obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- g) Non ter pendente de xustificación ningunha subvención concedida polo concello de Covelo no exercicio anterior, ou ter desistido de forma motivada e por escrito.
- h) Someterse ás actividades de control realizadas por parte do Concello para comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co Concello en ditas actuacións.
- i) Comunicar ante o Concello calquera modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda.
- j) Non estar incurso en algunhas das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/07, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

### 3. CONTÍAS DAS AXUDAS.

As axudas serán como máximo de 100 € por cada alumna ou alumno.

No caso de alumnado con algunha discapacidade recoñecida nun grao igual ou superior ó 33% a contía da axuda poderá chegar a 125 euros.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

En familias numerosas a contía da axuda poderá chegar a 125 euros.

No caso de que as solicitudes aceptadas superen as previsións, e se exceda o crédito destinado a esta subvención, o crédito total previsto ratearase entre as solicitudes admitidas.

#### 4. DISPOÑIBILIDADE ORZAMENTARIA

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á asignación orzamentaria 323.48 do orzamento municipal para o ano 2024 orzamento municipal, ata un total de 1.825,00 para o exercicio.

#### 5. FORMA E PRAZO DE SOLICITUDES E XUSTIFICACIÓN

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, cubertas no modelo normalizado habilitado para tal fin (ANEXO I) presentaranse no Rexistro de Servizos sociais do Concello de Covelo, ou por calquera dos procedementos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

##### *SOLICITUDES*

Solicitaranse polos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado e deben acompañarse, inescusablemente da seguinte documentación:

1. DNI da persoa solicitante.
2. Autorización á consulta dos datos do padrón.
3. Libro de Familia ou partida de nacemento das persoas da unidade familiar
4. Título de familia numerosa, no seu caso.
5. Certificado de discapacidade, no seu caso.
6. Copia do resgardo da matrícula correspondente ó curso 2024/25.
7. Declaración xurada das axudas solicitadas ou recibidas pola mesma finalidade (ANEXO II).
8. Acreditación de estar ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social (ANEXO II).
9. Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos. (ANEXO III).
10. Datos bancarios, IBAN, onde se pretenda recibir o importe da axuda no que consten os datos da persoa que percibe a axuda.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

11. Copia da declaración do imposto da renda das persoas físicas do ano 2023 da persoa solicitante, da proxenitora ou proxenitor que non apareza como solicitante, irmás ou irmáns ata 25 anos (salvo que tivese algunha discapacidade), avoas ou avós que convivan na unidade familiar.

12. Sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou o convenio regulador onde conste a custodia do causante, no seu caso.

13. Informe dos servizos sociais ou órgano equivalente do Concello de Covelo que acredite a situación familiar, no seu caso.

14. Calquera outra que se estime conveniente na instrución do procedemento.

No caso de que algúns documentos requiridos non poidan presentarse por impedimento legal ou administrativo, substituirase por unha declaración de compromiso/xurada.

A documentación que se achegue deberá ter validez no momento da presentación da solicitude.

### XUSTIFICACIÓN

A xustificación da subvención farase coa presentación no Rexistro de Servizos Sociais concello de Covelo xunto a solicitude de selo caso, da seguinte documentación:

- Relación detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin, se é o caso. (anexo II)
- Compromiso de proceder á devolución da axuda no caso de deixar de cumprir algún dos requisitos necesarios para ser beneficiario ou beneficiaria da mesma, ou ben cando sexa probado por parte do concello que non se cumpre algún dos mencionados requisitos. (anexo III)
- Facturas xustificativas do gasto correspondente o obxecto da axuda ou documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, ou non desistir de forma motivada e por escrito dentro do mesmo prazo, entenderase que desiste da súa petición, dando lugar á perda do dereito ao seu cobramento e procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por resolución da Alcaldía.

Estes prazos, entenderanse sen prexuízo do prazo de dez días, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta.

O pagamento da subvención concedida farase efectiva unha vez xustificado o obxecto da subvención. Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano competente valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso propondrá que se efectúe o aboamento da subvención mediante ingreso por transferencia bancaria na conta sinalada pola persoa beneficiaria.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

### PRAZO

O prazo de presentación de solicitudes, e no seu caso a xustificación, será de quince días hábiles, contados dende o seguinte á publicación oficial do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, segundo a LXS (arts. 17.3.b), 18 e 20.8 en relación coa Base de Datos Nacional de Subvencións (Resolución IGAE do 7, 9 e 10 de decembro de 2015).

### EMENDA DE SOLICITUDES

De acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, para aquelas solicitudes que non estean correctamente cubertas ou non acheguen os documentos preceptivos, o Concello requirirá a persoa interesada para que, nun prazo de dez días, emende as faltas ou remita os documentos preceptivos.

De non facelo, considerarase que desistiu da súa petición e arquivarase o expediente nos termos previstos na citada lei.

### 6. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O órgano correspondente concederá as axudas e subvencións a todas as persoas solicitantes (con límite na dispoñibilidade orzamentaria) que cumpran os requisitos, tendo en conta a contía establecida nos apartados 3 e 4.

### 7. PROCEDIMENTO DE CONCESIÓN

O procedemento será instruído pola Educadora social deste Concello integrante do departamento de Servizos Sociais, ou na súa ausencia, a persoa que a Alcaldía propuxera, que realizarán de oficio cantas actuacións estimen necesarias para o coñecemento e comprobación dos datos así coma os requirimentos de emenda de deficiencias da documentación. Recibidas as solicitudes procederase a súa tramitación. Comprobado que as persoas solicitantes cumpren os requisitos esixidos nestas bases e que se achega a documentación requirida. Avaliadas as solicitudes, segundo os criterios regulados na base 6 os expedientes serán elevados á Comisión de Valoración, que estará constituída por:

- Presidente: O Alcalde do Concello de Covelo
- Vogal: Persoa funcionaria traballadora municipal experimentada na tramitación e xestión de expedientes administrativos, o cal realizará as funcións de secretaría.
- Vogal: A Concelleira de Cultura, Turismo e Emprego.
- Vogal: A Educadora social.
- Vogal: A Secretaria-Interventora Municipal ou persoa que lle substitúa.
- Vogal: Concelleira do bloque municipal BNG.
- Vogal: Concelleiro do PSOE.



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

Todas e cada unha das persoas que forman esta comisión poderán ser substituídas polas persoas nas que delegue cada unha delas.

A Comisión de valoración examinará cada unha das solicitudes presentadas, e aplicará os criterios de outorgamento aprobados nas presentes bases, a fin formular a correspondente proposta de adjudicación a prol de aquelas que reuniran os requisitos establecidos. A proposta de adjudicación deberá expresar a relación de persoas solicitantes para as que se propón a concesión da subvención, a súa contía individual, e as denegadas co seu motivo.

O órgano municipal competente para a concesión das subvencións é a Xunta de Goberno Local, que analizará a proposta da Comisión de subvencións e resolverá xustificadamente.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

## 8. OBRIGAS DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

1. Estar empadroados no concello de Covelo. O empadramento suporá a residencia efectiva, polo que tanto as persoas beneficiarias, deberán vivir habitualmente en calquera das parroquias do concello de Covelo. Esta circunstancia poderá ser comprobada en calquera momento polo concello solicitando os informes que procedan.

2. Comunicarlle ó concello, tan pronto como se coñeza, a concesión de subvencións solicitadas a outras entidades públicas ou privadas para o mesmo fin.

3. Cumprir con calquera outra obriga disposta no artigo 14 da Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións.

4. Seguir as directrices que marcan as bases da convocatoria e destinar o importe da axuda na súa integridade á finalidade para a que foi outorgada a axuda.

5. Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

6. Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, segundo se establece no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. O Concello de Covelo poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

## 9. NOTIFICACIÓN E PUBLICIDADE DA RESOLUCIÓN

O prazo máximo para resolver e notificar o procedemento será de seis meses contados a partir do día seguinte ao de finalización do prazo para presentación de solicitudes. As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes, por silencio administrativo, se transcorrido devandito prazo non se ditou e notificou resolución expresa.





Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

A notificación da resolución realizarase de acordo co previsto nos artigos 40 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra o acordo de resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes dende o día seguinte ó da súa notificación de acordo co establecido no artigo 124.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Pontevedra do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme ós artigos 8.1 y 46.1 da Lei 29/98, de 3 de xuño, Contencioso-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este se resolverá e notificará no prazo dun mes segundo establece o artigo 124.2 da citada Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de seis meses contados dende o día seguinte a aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, de acordo co artigo 46.1 y 4 de la 29/98.

A publicación destas Bases realizarase na BDNS, no Taboleiro de Anuncios do Concello de Covelo da sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es>, e no Boletín Oficial da Provincia. As axudas que se concedan a través deste programa unha vez resoltas, publicaranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica: <https://covelo.sedelectronica.es> con expresión do DNI (ordenado numericamente) da persoa solicitante e a resolución recaída (concedida/denegada).

## 10. REINTEGRO

1. Procederá o reintegro, total ou parcial, da axuda percibida, xunto cos xuros de demora, nos casos indicados no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e especialmente no caso de que se detectase que o importe recibido non fose empregado no custo de transporte obxecto desta orde.

2. No caso de xustificación ou incumprimento parcial só se esixirá o reintegro pola parte non xustificada. No caso de que o reintegro esíxase porque se percibiron outras subvencións que, en conxunto, superen o custo da actividade obxecto de concesión, procederá o reintegro só do exceso obtido.

3. O interese de demora esixirase desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde o reintegro da mesma. O interese de demora aplicable será o interese legal do diñeiro, vixente no momento do pago da subvención, incrementado nun 25 por cento, salvo que a Lei de Orzamentos do Estado de cada ano estableza outro diferente.

4. Están obrigadas ao reintegro:

a) As persoas solicitantes das subvencións.





Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

b) As persoas xurídicas ou das agrupacións de persoas físicas sen personalidade xurídica, que responderán solidariamente as obrigacións de reintegro.

c) A representantes legal da persoa beneficiaria responderá solidariamente cando este careza de capacidade de obrar. Ademais responderán subsidiariamente as persoas sinaladas no artigo 40.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións.

## 11. COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

A obtención dunha subvención outorgada polo Concello de Covelo, é compatible con calquera outra subvención, axuda ou ingreso obtido para a mesma actividade a condición de que o importe total das contías percibidas non supere o custo total da actividade.

## 12. INTERPRETACIÓN

Calquera dúbida que puidera xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno Local.

### *DISPOSICIÓN FINAL*

En todo o non previsto nestas bases, aplicarase o disposto nas Bases de execución do orzamento xeral do concello de Covelo para o ano 2024, e nas normas legais e regulamentarias de aplicación, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no RD 887/2006 do 21 de xullo polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, a Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Covelo aprobada polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2016 e demais normativa de réxime local aplicable.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

**SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS DE ADQUISICIÓN DE LIBROS E MATERIAL CURRICULAR DESTINADAS AO ALUMNADO MATRICULADO EN CENTROS DOCENTES PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (segunda etapa de 3 a 5anos) DO CONCELLO DE COVELO. CURSO ESCOLAR 2024/2025**

**ANEXO I. SOLICITUDE**

<b>DATOS DA ALUMNA OU ALUMNO</b>	
Nome e apelidos	<input type="text"/>
Curso	<input type="text"/>
Centro escolar	<input type="text"/>
Data nacemento	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>
<b>DATOS DO PAI, NAI OU TITOR/A</b>	
Nome e apelidos	<input type="text"/>
DNI	<input type="text"/>
Enderezo	<input type="text"/>
Teléfono/s	<input type="text"/>
Correo electrónico	<input type="text"/>

<b>AUTORIZO A ADMINISTRACIÓN A COMPROBAR NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES</b>	SI <input type="checkbox"/>	NON <input type="checkbox"/>
Asinado: Pai, Nai, Titor/a	<b>A CUBRIR POLA ADMINISTRACIÓN:</b>	
	<input type="text"/>	Empadroad/a
Covelo, a <input type="text"/> de <input type="text"/> 2024	<input type="text"/>	Non empadroad/a

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

**ANEXO II****DECLARACIÓN REALIZADAS POLAS PERSOAS REPRESENTANTES**D/Dña . Con DNI como representante de **DECLARA:**

- Que estou ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Que non está incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de subvencións conforme o artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións e que coñezo e acepto as bases da convocatoria.
- Que o conxunto de axudas solicitadas ou concedidas relacionadas coa subvención solicitada, procedente de calquera administración ou ente público ou privado son as seguintes:

Entidade concedente	<input type="text"/>
Cantidade solicitada	<input type="text"/>
Cantidade concedida	<input type="text"/>

 Non recibo ningunha outra axudaCovelo,  de  de 2024.

Asinado: Pai, Nai, Titor/a

SR.ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO



Xoves, 3 de outubro de 2024

Núm. 193

### ANEXO III

#### COMPROMISO DE DEVOLUCIÓN DA AXUDA POR INCUMPRIMENTO DALGÚN REQUISITO

D/Dna.

Con DNI.

e enderezo en

#### COMPROMÉTOME:

Á devolución desta axuda en caso de incumprirse algún dos requisitos esixidos para a súa concesión.

Covelo,

de

de

2024.

Asinado: Pai, Nai, Titor/a

SR.ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE COVELO

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:TKUZ5FVPLMQVFCIP

